

Avaliación final e terceira.

O Departamento de Xeografía e Historia chegou ao seguinte acordo en canto a forma de avaliar para este curso 2019/2020:

1-A cualificación final será a media numérica da primeira e da segunda avaliación.

2-En caso de avaliación negativa se deberán entregar as tarefas de recuperación sobre cada avaliación que xa foron notificadas. A non entrega ou a avaliación negativa do material entregado implicará que a materia está suspensa tendo que ir a convocatoria extraordinaria de setembro.

3-A terceira avaliación non modificará negativamente a media da primeira e da segunda, pero cabe a posibilidade de que a modifique de xeito positivo ata un máximo de dous puntos.

As actividades que poden sumar (dependendo de cantas se entreguen e da calidade das mesmas) son as seguintes:

3.1-O Diario da Pandemia.

3.2-O pasatempo de investigación histórica.

3.3-Elaboración dun texto no que se analice nos filmes históricos propostos o tratamento dos contidos que cada un deles expón, así como unha valoración crítica. Eses contidos están na sinopse de cada un dos filmes propostos.

Calquera dúbida podedes envíala ao meu correo electrónico.

Un saúdo, moitísimo ánimo e saúde a todos e a todas.

Pablo Alonso de Vega.

Pontevedra, 25 de abril de 2020.